

ROSALÍA DE CASTRO

O 23 de febreiro de 1837 naceu en Conxo, na cidade de Santiago de Compostela, María Rosalía Rita de Castro, filla da fidalga María Teresa da Cruz de Castro e do crego José Martínez.

Os primeiros anos da súa vida pasounos Rosalía, sen seu pai e súa nai, na casa das súas tías na parroquia de Ortoño, no Concello de Ames.

Aos trece anos voltou coa súa nai a Santiago de Compostela e entrou a formar parte do «Liceo de la Juventud», no que coñecería un grupo de escritores galegos novos: Murguía, Aguirre, Pondal...

En 1856 viaxa a Madrid, onde vivirá coa súa curmá María Josefa. Nesta cidade publica en verso o seu primeiro libro *La flor*, en castelán, e casa con Manuel Murguía.

No ano 1863 publícase en Vigo, na imprenta de Xoán Campanel, *Cantares Gallegos*, trinta e sete poemas a favor de Galicia e das súas tradicións. A data de publicación desta obra marcará a conmemoración do Día das Letras Galegas.

O seu segundo libro de poemas en galego, *Follas Novas*, foi publicado en Madrid e na Habana, en 1880.

Rosalía faleceu o 15 de xullo de 1885 e foi soterrada no cemiterio de Adina, na parroquia de Iria Flavia, en Padrón. Na actualidade os seus restos están no Panteón de Galegos Ilustres, en Santiago de Compostela.



Selo dedicado a Rosalía de Castro, posto en circulación en 1968.

PARA A HABANA!

Follas Novas

Rosalía de Castro

Vendéronlle os bois,
vendéronlle as vacas,
o pote do caldo
e a manta da cama.

Vendéronlle o carro
e as leiras que tiña,
deixárono só
coa roupa vestida.

-María, eu son mozo,
pedir non me é dado,
eu vou polo mundo
para ver de gañalo.

Galicia está pobre,
e á Habana me vou...

Adeus, adeus, prendas
do meu corazón!



DÍA DE ROSALÍA

23 DE FEBREIRO 2006

Mural de Pablo Lage Van Kraft.



ROSALÍA DE CASTRO

(1837-1885)



XUNTA
DE GALICIA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega